

INFORMACIÓN MESA SECTORIAL

26 de maio de 2010

Orde do día:

1. Modificación da Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento
2. Normas de adxudicación de destino provisional para o curso 2010/2011 corpo de catedráticos e de ensino secundario e demais
3. Normas de adxudicación de destino provisional para o curso 2010/2011, corpo de mestres
4. Convocatoria de prazas de *asesores* na Consellería
5. Calendario escolar 2010-2011.

Na mesa de hoxe soamente se trataron os tres primeiros puntos. O calendario escolar, por falta de tempo, quedou para este venres 28. Tamén pasa á mesa do venres a orde de asesores ante a nosa negativa a que se tratase hoxe ao non incluír a orde as prazas que se pretenden cubrir.

ORDE DE HORARIOS:

A CIG-Ensino manifestou en primeiro lugar o seu desacordo co contido da modificación proposta que afecta á elección de horarios do profesorado de Infantil, Primaria e Secundaria. Para as Escolas Oficiais de Idiomas e os Conservatorios, haberá unha orde que desenvolva o ROC.

Desde a CIG-Ensino criticamos a urxencia da Administración en modificar a orde de elección de horarios precisamente para pór en marcha o Decreto de Plurilingüismo que se apresuraron a publicar onte, para que hoxe entrase en vigor e dese cobertura a esta modificación, que nos parece inadmisíbel. A Consellaría empéñase en impor o terzo en inglés e iso malia que o propio Consello Consultivo ditamina que é contraproducente para o cumprimento da Lei de Normalización Lingüística, Estatuto de autonomía e Carta europea das linguas minoritarias..., mais o caso é reducirlle presenza á lingua. Por outro lado, respecto do proxecto Abalar temos moitas preguntas e críticas que facer, que realizaremos posteriormente no punto de varios, pois é inadmisíbel como se está a realizar a implantación do programa (descoñecemento de criterios de implantación, favoritismo á privada...).

A orde de modificación de horarios presentada pola Consellaría é un exemplo de que só preocupa a propaganda, porque habendo como hai outros temas que atender urxentemente sobre os horarios, como o cumprimento do acordo de 8 de xuño non se abordan e, así, non se está a cumprir o acordo na súa integridade: profesorado unitarias que ten un horario superior ao que se fixa no Acordo, centros que non poden aplicar todas as reducións e/ou non teñen profesorado suficiente de AL e PT...



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

A nosa posición é contraria a esta modificación:

- Primeiro estamos en desacordo con que se modifique a orde de elección. Pensamos que garantir que o proxecto Abalar estea implantado con persoal que reúna os requisitos non ten por que conlevar a alteración da orde de elección.
- Segundo: debe quedar clara a voluntariedade de elección dos cursos en que se implantan os proxectos en todas as etapas educativas, polo que se debe redactar do mesmo xeito nos tres casos, e sempre quedando clara a voluntariedade. *Responderon que non, que obrigatoriamente terá que ser asignado ao curso a unha persoa que reúna os requisitos.*
- Terceiro, se se mantén esta modificación debe recollese a prelación entre o profesorado que teña os requisitos para acceder a eses proxectos, non está recollido, e deben ter entre eles a mesma orde que se aplica a todo o profesorado.
- A prevalencia que se lle dá ao proxecto Abalar e outros fai que á hora de facer a proposta de horarios o Xefe de Estudos ou o Director nos centros de Primaria as premisas que deben guiar a súa proposta releguen a un segundo plano as necesidades educativas do alumnado do centro, estamos en desacordo, débense manter os criterios como estaban anteriormente e a referencia ao proxecto Abalar debe figura no segundo apartado, como concreción da rendibilización do capital humano do centro.
- No caso dos módulos profesionais, deben retirarse desa relación. Que significa "titulación, experiencia ou formación adecuada"?, ¿que preparación específica se demanda para impartir un módulo profesional?, ¿quen pode elixir módulos por acreditar preparación específica?, ¿Estas persoas elixen antes que os funcionarios de esa especialidade? Quen acredite isto ¿podería impartir estas materias aínda que sexan afíns e queden as propias da súa especialidade sen dar? (art. 91 f)). Por tanto, se se mantén esta modificación de elección de horarios hai que especificar que titulación, formación ou experiencia é a que se require. *(Responden que especificarán titulacións, formacións, etc. Tamén engaden que falta algunha normativa por traer á Mesa, así o Dec. de plurilingüismo terá que ter un desenvolvemento, en concreto o título 4, e aí se regularán os requisitos que se existen para impartir en lingua estranxeira, nas seccións bilingües están pedindo o B1. O mesmo co proxecto Abalar, haberá formación específica, hai docentes que xa a teñen. Nos módulos é a titulación a que da a competencia, o que si queren é establecer unha prioridade para persoas que levan moitos anos impartindo un módulo, afecta só aos módulos e son poucos casos.*
- Garantir que cando se elixe nunha orde que non é a que corresponde por antigüidade, efectivamente se dá cumprimento ao requisito recollido para poder acceder a ese curso nesa orde.
- A implantación destes programas non debe ser escusa para dar lugar á rutura do ciclo.
- Debera incluírse as seguintes cuestións para o persoal que é destinado no concurso de destinos provisionais ou por permutas provisionais *(aceptan parcialmente esta proposta, primeiro elixirán os funcionarios definitivos e logo o resto do profesorado de acordo coa prelación que propoñemos):*
 - O persoal con destino definitivo terá prioridade ante o non definitivo á hora de escoller horario.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

- Despois o persoal funcionario de carreira que obtén destino no centro froito dunha permuta provisional (comisión de servizos por petición recíproca), independentemente do corpo ao que pertenza.
 - En terceiro lugar o profesorado que obtén praza no centro a través do concurso de destinos provisionais: no caso de que no mesmo centro se adxudiquen dúas ou máis prazas das mesmas características (idénticas afíns, itinerancia,...) a orde de elección de praza virá dada pola orde en que é adxudicado o persoal participante.
 - E cuarto: o profesorado que, despois de ter adxudicación no concurso de destinos provisionais, ocupe praza noutro centro diferente en virtude dunha permuta provisional, sempre e cando as prazas sexan de idénticas características.
- Consideramos que o prazo de reclamación contra a resolución da inspección sobre os horarios debe establecerse respecto desa resolución, para garantir un tempo suficiente. *Responden que se vai establecer un prazo de dez días de reclamación ante a inspección desde o momento da adscrición.*
- Respecto do profesorado que ten que impartir nas dúas quendas de diúrno e nocturno pensamos que se lle pode dar un tratamento semellante ao profesorado que imparte afíns.

DESTINOS PROVISIONAIS MESTRES E SECUNDARIA

A Consellaría fala dos cambios: orde de elección (pasan os suprimidos e desprazados ao primeiro lugar), concilias que non teñen que participar agora, desdóbranse especialidades, e incorpóranse especialidades agrupadas (desde a premisa de que hai moitos funcionarios de carreira que teñen as dúas especialidades, adxudicarán conxuntamente e non por código). Clarifican tamén cando unha docente ou docente interino ten dereito a que se lle adxudique praza por comisión de saúde.

Demandas da CIG para as dúas convocatorias:

Estas ordes conteñen novidades importantes, ademais das derivadas da addenda. A CIG reitera a súa demanda sobre a negociación das vacantes.

Adxudicación de vacantes: debe quedar perfectamente claro o perfil das vacantes, deben ser negociadas nas Xuntas de Persoal, e deben saír dentro dos prazos establecidas e non pode suceder o que está pasando curso tras curso: aparición de tantas vacantes (interinidades) logo de facerse a adxudicación definitiva. Dicimos todos os anos que hai responsabilidades, e deben buscarse e reclamarse. Isto ademais pode dar lugar a recursos que se gañan mais non se poden efectivizar. Só podería haber casos moi excepcionais. Por outro lado propoñemos que se manteñan os cadros de persoal dos centros, temos constancia de que neste

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

momento non se cubriron algunhas resultas, coa intención de reducir o cupo de profesorado dos centros, rexeitamos esta medida porque, non só supón incrementar até o máximo o horario do profesorado, senón que en moitos casos vai repercutir en que os centros non poidan levar adiante determinados proxectos. No caso concreto de Primaria cómpre que se dea cumprimento íntegro ao acordo de 8 de xuño: cumprimento do horario nas unitarias, ou dotación dos centros co persoal necesario para efectivizar as reducións horarias, cubrir as gardas, ou atender as necesidades educativas do alumnado.

Unha cousa que nos preocupa moitísimo, é a situación do profesorado interino. Xa se falou nas mesas sectoriais de principio de curso, na da convocatoria de oposicións e cando se tratou a addenda. Preocupa, porque a situación do profesorado interino empeora desde 2007. Que se negocie un acordo de estabilidade que evite as consecuencias para o profesorado interino, que con moitos anos de servizo está a facer substitucións.

Preocúpanos o tema das afinidades, deberían existir uns criterios mínimos, xa temos manifestado a nosa preocupación porque aparecen moitas veces prazas imposíbeis, con afíns impensábeis e que logo non son esas as materias que se imparten. Insistimos en que haxa control sobre este tipo de casos, que soen ser coñecidos.

Prioridade na adxudicación de comisións de conciliación, habería que melloralo, non debería terse en conta soamente o número de fillos senón tamén os tramos de idade.

Confederación Intersindical Galega

En contra de que se poidan adxudicar afíns de oficio, deben ser voluntarias.

ENSINO

Pensamos que para as Comisións de servizo por conciliación debería manterse o previsto na convocatoria do ano anterior, pois non parece axeitado que unha orde que se publica con posterioridade ao prazo de concilia afecte retroactivamente á participación, alegando que xa puiden pedir destinos no prazo de concilia. A orde de concilia non foi modificada, a consellaría non ten instrucións claras ao respecto no CADP (xestión de destinos provisionais) e aínda que as tivese non ten rango normativo como unha orde. A xente non sabía entón que non ía ter este prazo de solicitude. En todo caso que se lles dea a opción de non presentala.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

Prodúcese un cambio na adxudicación, xa que o profesorado suprimido e desprazado pasa a elixir en primeiro lugar. Desde a CIG-Ensino propoñemos a orde sexa: 1º.- Desprazados que exercen o dereito preferente, neste caso estamos de acordo en que sexan os que obteñan adxudicación en primeiro lugar e logo: 2º.- Comisións de saúde. 3º.-Desprazados que non exercen o dereito preferente. O motivo é que se non se fai do xeito en que propoñemos, haberá profesorado que non poida obter unha comisión de servizos por motivos de saúde ao participar diante del profesorado suprimido que non ten dereito preferente nesa localidade.

A **CIG** segue rexeitando que se fagan adxudicacións de oficio para outras especialidades solicitadas como afíns, aínda que estea avalado por sentenzas.

O contrato de interinidade debería coincidir coa toma de posesión e non coa data de inicio de curso e deben ter unha duración dun ano exacto. Ademais en primaria di que os efectos serán adm. desde o inicio do curso e económicos desde o 10. *Responden que teñen contrato até o día 9, doutro xeito terían problemas con intervención.*

En canto á orde de Secundaria:

- Todo o mundo está obrigado a participar por todas as especialidades das que é titular, mais soamente se debería darlle de oficio pola especialidade que está desempeñando. Estamos en desacordo con que se dea de oficio nas afíns e nas especialidades que non se están desempeñando.
- Base 13 non aparece a comisión de concelleiro, debe ser un erro. *Resposta: Si é un erro.*
- Debe recollese que se se ten un contrato de traballo temporal, debe renunciarse no prazo aínda que non se adxudiquen praza na provisional.
- As prazas a tempo parcial non deben existir.
- Os cadros de persoal débese facer non dividindo o número total de horas por 18, senón por 15.
- Na convocatoria de secundaria, non nos gusta onde aparece o texto: *“O persoal docente interino e substituto que pida provincia enténdese que solicitan prazas con itinerancia e afíns”,* aparece ao final da disposición décimo sétima. Cremos que é máis acaído ao final da disposición Décimo primeira, que fala precisamente de : *“Solicitud de disciplinas afíns e de centros compartidos”*
- Demandamos que, ao igual que se vai facer con outros colectivos aos que se lles dá un prazo de 3 anos para adquirir unha titulación para estar nas listas, que se lles permita ao profesorado das listas desdobradas un prazo de 5 anos para obter a titulación que lles permita permanecer nas dúas (falamos de Procesos sanitarios, administración de empresas, procedementos sanitarios e asistenciais). Xustificamos o dos 5 anos e non o dos 3. Nese sentido, nesta orde solicitamos que este profesorado poida pedir polas dúas especialidades. *Resposta: Non aceptan.*

En canto á orde do corpo de Mestres:

A resolución provisional debería publicarse entre o 24 e o 26 de xullo (*responden que non están rematados os procesos de acceso*), de xeito que teñan a posibilidade de reclamar antes do 30 de xullo. Pedimos que as

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

resolucións, provisionais e definitivas, deberían publicarse por especialidades e dentro de cada unha por orde de colectivos segundo vén na adxudicación. Xa temos realizado esta demanda, dicíndosenos que se atendería e finamente non foi así (*responden que non hai problema que o poden facer*). Ademais tamén reclamamos que se faga como na adxudicación de secundaria, figurando tamén ao lado da adxudicación o código da resulta se é que fose así o caso (comisións de servizo concilia, saúde,... de definitivos).

➤ Debería recollerse que no caso do profesorado que dispón dun contrato de traballo temporal que queira renunciar á adxudicación de destino, ten que facelo despois da adxudicación provisional, tanto se obtén destino como senón, no prazo de renunciacións. Non se especifica a data final da renuncia.

Reclamamos que se se marca provincia, tanto para Mestres como para secundaria, se poida optar por marcar, ou non, afín e/ou itinerancia.

A Consellaría introduce unha modificación respecto das especialidades 60 e 61: “o profesorado das especialidades de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe poderán solicitar, en calquera caso as especialidades 60 ou 61 respectivamente (ou sexa impartición de AL e PT en Secundaria). As especialidades 60 e 61 non se considera que imparten o primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria aos efectos correspondentes.” Con este cambio a Consellaría aclara que o que pretende é que este profesorado provisional que ocupe prazas de PT e AL en Secundaria non cobre o complemento nivelador de nivel 24, que si cobra o persoal con destino definitivo. Nesta aclaración insisten en manifestar que para facer esta diferenza consideran que PT e AL non imparte en Secundaria e por tanto non lles corresponde o complemento, e que ao profesorado definitivo mantéñenlo como dereito persoal, exclusivamente. É dicir, o seu discurso é que se trata dun complemento persoal e non dun complemento por razón do posto que se ocupa, co obxecto de introducir esta modificación e non retribuírlo ao profesorado provisional. Desde a CIG manifestamos o noso absoluto desacordo, e esiximos que se lle pague este complemento a todo o profesorado destinado nestas especialidades.

Resposta da Consellaría:

Din que as OOSS non facemos propostas novas, son practicamente as de sempre.

Van facer unha adxudicación por orde de códigos, para evitar duplicidades.

Orde de elección do profesorado suprimido ou desprazado: a Consellaría introduce este cambio porque di que tiveron algún caso de profesorado suprimido que, non obtendo o destino na localidade á que concursaba (outra diferente daquela en que ten dereito preferente), tiveron que colocalos “sobre catálogo” na localidade en que teñen dereito preferente. Este é o motivo fundamental do cambio. Desde a CIG volvemos insistir en que esta situación vai producir prexuízos a aquel profesorado que por motivos de

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

saúde comprobados solicita comisión nunha localidade, onde pode non pode non obter destino porque elixa diante del profesorado suprimido que non ten dereito preferente nesa localidade.

Procurarán mirar o da renuncia dos contratos de traballo, a ver se está ben redactado.

Procurarán que se melloren os perfís, tamén están de acordo con que pasen pola Xunta de Persoal.

Respecto da prelación dos suprimidos, desde a CIG-Ensino queremos manifestar que non nos parece normal, que alguén use a súa condición de suprimido para pasar por diante dunha comisión de saúde nunha localidade na que non ten dereito preferente.

ASESORES

A CIG-Ensino critica que,

- Primeiro: a Consellaría non trouxo á Mesa a convocatoria de prazas de asesores/es de formación do profesorado nos Centros de Formación e Recursos e nos Servizos Centrais, unha demanda que vimos realizando desde hai varios meses a CIG-Ensino, e que a Consellaría dixo que se trataría durante este curso.
- Segundo: a convocatoria que se nos presenta carece de concreción, pois non especifica para que prazas, perfís e contidos se convoca, nin se especifica o número de prazas a cubrir.

A CIG-Ensino considera que a proposta presentada pola Administración é unha total falta de respecto ao profesorado e á CIG-Ensino, como sindicato que o representa.

Ante isto, a CIG-Ensino negouse a que se tratase na Mesa sectorial esta orde até que non se especificasen as prazas que se estaban convocando, incluíndo as de asesores/es de formación do profesorado nos Centros de Formación e Recursos e nos Servizos Centrais. O tema quedou sobre a mesa.

Varios:


Aínda que quedan aprazados para a mesa do venres trasladamos que nas Escolas Oficiais de Idiomas precisan profesorado para realizar as probas de galego. A Consellaría responde que van nomear o profesorado que lle pidan desde a Dirección Xeral.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com

en Defensa DOS SALARIOS DO EMPREGO DOS SERVICIOS PÚBLICOS

Día 2 de Xuño concentracións diante
de diferentes centros de traballo

Día 8 de xuño FOLGA e manifestación
de toda a área pública



- Concentración
diante da **Dele-**
gación do
Goberno
(A Coruña)
o día que se
debata nas
Cortes
o decreto lei.

MOBILIZATE!



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com